



TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS SELECTIVAS PARA CUBRIR, POLA QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA, UNHA PRAZA DA **ESCALA FACULTATIVA DE ARQUIVOS E BIBLIOTECAS, ESPECIALIDADE ARQUIVOS**, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONVOCADAS POR RESOLUCIÓN REITORAL DE 9 DE FEBREIRO DE 2018 (DOG 23/II/2018)

Exercicio: 2º exercicio, exame tipo test  
Duración: 120 minutos

**Non abra este cadernillo ata que o indique o Tribunal**

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018



- 1) Cal é a sección do ICA dedicada aos arquivos universitarios?
  - a) FIDA
  - b) SUV
  - c) PARBICA
  - d) SAN
  
- 2) A quen se atribúe a enunciación do concepto de continuidade dos documentos?
  - a) A Carole Couture e Christine Pétilat
  - b) A Frank Upward
  - c) A Ira A. Penn
  - d) A Verne Harris
  
- 3) Dentro do obxecto da diplomática, o “preámbulo” (*preambulum*) dun documento recibe tamén o nome de:
  - a) Exordium
  - b) Salutatio
  - c) Invocatio
  - d) Dispositio
  
- 4) Que corrente histórica dos anos sesenta do s. XX estivo especialmente preocupada pola cuantificación?
  - a) O Positivismo
  - b) O Marxismo
  - c) A Cliometría
  - d) A Historia das Mentalidades
  
- 5) O principio que establece que os documentos deben agruparse de acordo ás institucións ou entidades que os produciron é:
  - a) O principio de procedencia
  - b) O principio de orde orixinal
  - c) O principio de respecto da estrutura documental
  - d) O principio de agrupación documental
  
- 6) Cal é o termo que serve para condensar e globalizar as características esenciais, tanto formais como informativas, dunha unidade documental?
  - a) Tipo
  - b) Clase
  - c) Forma
  - d) Formato
  
- 7) Unha das peculiaridades exclusivas dos documentos é a de que corresponden ao autor, data e lugar que consignan. Como se chama esa peculiaridade?
  - a) Imparcialidade
  - b) Interdependencia
  - c) Integridade
  - d) Autenticidade
  
- 8) Que tipo de documento nace das modificacións gobernativas introducidas por Felipe V?
  - a) O Privilexio Real
  - b) A Real Orde
  - c) A Carta Compulsoria
  - d) A Cédula Real

- 9) Que denominación se deu no século XVIII á letra gótico-cursiva orixinada en España no século XIII na que se produce reduplicación de trazos?
- a) Albalá
  - b) Cortesá
  - c) Carolinxia
  - d) De privilexios
- 10) Como se denomina o sistema de abreviatura por supresión da última ou últimas letras dunha palabra?
- a) Síncope
  - b) Elipse
  - c) Apócope
  - d) Eclipse
- 11) Cal dos seguintes tipos documentais se corresponde cun documento administrativo de xuízo?
- a) Resolución
  - b) Informe
  - c) Oficio
  - d) Circular
- 12) Cales son as partes nas que os documentos administrativos distribúen a información?
- a) Cabeceira, corpo e peche
  - b) Membrete, corpo e sinatura
  - c) Texto e validación
  - d) Título, texto e subscrición
- 13) En que país xorde o concepto da “continuidade dos documentos” ou *records continuum*?
- a) Estados Unidos
  - b) Australia
  - c) Canadá
  - d) Gran Bretaña
- 14) Nun documento codificado mediante a norma METS, os metadatos de conservación formarán parte da sección de:
- a) Metadatos descritivos
  - b) Metadatos administrativos
  - c) Cabeceira
  - d) Mapa estrutural
- 15) Na elaboración de indicadores de xestión para os procesos dun arquivo, que secuencia de accións sería a máis recomendable?
- a) Elaborar un cadro de clasificación, describir os procesos e identificalos
  - b) Catalogar os procesos, establecer a tipoloxía documental e establecer os datos de xestión
  - c) Identificar os procesos, representalos mediante diagramas de fluxo, analizalos e establecer os indicadores
  - d) Realizar os diagramas de fluxo, organízalos e describilos

- 16) No deseño e implementación dun sistema de xestión documental, recoméndase a elaboración dun cadro de clasificación:
- Por materias
  - Orgánico
  - Orgánico-funcional
  - Funcional
- 17) Segundo o Código Civil, que nome recibe o contrato polo que unha parte fai entrega a outra dun conxunto de documentos para que esta os custodie por certo tempo e despois llos devolva a aquela?
- Préstamo
  - Comodato
  - Aluguer
  - Enfiteuse
- 18) A fase dun tratamento arquivístico que consiste na investigación e sistematización das categorías administrativas e arquivísticas na que se sustenta a estrutura dun fondo é:
- A información
  - A identificación
  - A ordenación
  - A clasificación
- 19) Cando as seccións dun fondo documental son definidas polas funcións e as subseccións polos órganos administrativos estamos a falar:
- Dunha clasificación orgánica
  - Dunha clasificación funcional
  - Dunha clasificación orgánico-funcional
  - Dunha clasificación lóxica
- 20) Por que a última versión da norma UNE-ISO 15489 concibe a identificación e valoración como un proceso central da xestión documental?
- Porque permite, entre outras cousas, determinar que documentos se deben crear e capturar
  - Porque é un proceso que aplican os arquivistas cando reciben os documentos
  - Porque o obxectivo fundamental da norma é reducir o volume documental das organizacións
  - Esta norma só fala da disposición, non da identificación e valoración
- 21) Segundo a Norma UNE-ISO 15489-1:2016, na identificación e valoración, ademais de comprender o contexto da organización é importante tamén:
- Determinar os documentos esenciais
  - Determinar os documentos vitais
  - Usar a apreciación de riscos para determinar que documentos se deberían crear
  - Seleccionar os documentos

- 22) Por que o Consello de Avaliación Documental de Galicia é competente para aprobar os acordos de avaliación documental que tomen as universidades galegas?
- a) Pola habilitación que a Comunidade Autónoma ten polo artigo 49 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español
  - b) Pola habilitación que a Comunidade Autónoma ten polo artigo 11 do Real Decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, que desenvolveu a Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español
  - c) Pola habilitación que a Comunidade Autónoma ten polo artigo 5 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente
  - d) Pola habilitación que a Comunidade Autónoma ten polo artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía de Galicia
- 23) Con que entidade funcional podemos relacionar unha serie documental?
- a) Función
  - b) Actividade
  - c) Transacción
  - d) Unidade documental
- 24) Para describir unha serie documental, é prioritario elaborar puntos de acceso sobre:
- a) Persoas
  - b) Actividades e procesos
  - c) Lugares
  - d) Temas
- 25) EAC é unha norma e formato de intercambio estreitamente relacionada coa norma internacional:
- a) ISDF
  - b) ISAAR (CPF)
  - c) ISAD (G)
  - d) ISDIAH
- 26) NEDA-MC é:
- a) Un esquema de intercambio de descrições
  - b) Unha norma arquivística de contido
  - c) Unha norma arquivística de estrutura
  - d) Unha pauta para identificar os elementos que poden utilizarse nun sistema de descrición arquivística.
- 27) Cal das seguintes norma ISO se ocupa dos principios e requisitos funcionais para documentos en contornos electrónicos de oficinas?
- a) ISO 16175
  - b) ISO 13008
  - c) ISO 15489
  - d) ISO 26122
- 28) Que son os datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade?
- a) Indicadores de xestión
  - b) Metadatos
  - c) Indicadores de calidade
  - d) Datos de control

- 29) Nun plan de xestión de desastres nun arquivo, a fase na que deben corrírse as deficiencias eliminando os factores de risco chámase:
- Planificación
  - Reacción
  - Protección
  - Presentación
- 30) Segundo as *Recomendaciones para la edificación de archivos*, do Ministerio de Cultura, para as salas de traballos especializadas dun arquivo, a intensidade de luz non debe superar:
- Os 150 lux
  - Os 750 lux
  - Os 500 lux
  - Os 250 lux
- 31) Cales son os valores ambientais estándares xerais para evitar o crecemento de microorganismos e insectos que afecten aos materiais de arquivo nos depósitos?
- 18-20 °C e 50-55 % de HR
  - 15-20 °C e 40-50 % de HR
  - 20-25 °C e 50-55 % de HR
  - 18-20 °C e 50-65 % de HR
- 32) Cal é o sistema de secado por conxelación ao baleiro que se aplica aos documentos en soporte papel empapados?
- Defrosting*
  - Liofilización
  - Secado por evaporación ao baleiro
  - Osmose
- 33) Nun programa de dixitalización, que proporción de tempo e de investimento supón, en xeral e aproximadamente, a parte dedicada especificamente a dixitalizar os documentos?
- Un 80%
  - Un terzo
  - Un 10 %
  - A totalidade
- 34) Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia é un proxecto de dixitalización e de difusión do patrimonio documental relacionado con:
- Archive Portal Europe
  - PARES
  - EUROPEANA
  - Biblioteca Digital Hispánica
- 35) Que comunidade autónoma desenvolveu un baremo para valorar os arquivos privados nas súas visitas técnicas?
- Galicia
  - Cataluña
  - Andalucía
  - Madrid

- 36) Cal destas fontes será máis apropiada na taxación de documentos?
- a) Censo-Guía de arquivos españoles e iberoamericanos
  - b) Galiciana. Arquivo Dixital de Galicia
  - c) PARES. Arquivos Españoles en Red
  - d) Catálogos de poxas
- 37) Segundo o artigo 28 do Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos e se regula o Sistema de Arquivos da Administración Xeral do Estado e dos seus Organismos Públicos e o seu réxime de acceso, serán accesibles os documentos con datos persoais que poidan afectar á seguridade ou intimidade das persoas:
- a) Cando transcorreran 25 anos desde o falecemento dos afectados, debidamente acreditado polo Rexistro Civil
  - b) Cando transcorreran 10 anos desde o falecemento dos afectados, debidamente acreditado polo Rexistro Civil
  - c) A partir do día seguinte do falecemento das persoas afectadas
  - d) Cando o solicitante acredite a existencia dun interese lexítimo no acceso
- 38) Segundo a normativa vixente, a reutilización de documentos que conteñan datos de carácter persoal rexerese polo disposto:
- a) Na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal
  - b) Na Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre reutilización da información do sector público
  - c) Na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno
  - d) Na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- 39) Que marco de referencia aprobou o goberno español para maximizar o impacto das políticas públicas en TIC no ano 2013?
- a) A Folla de ruta da Administración electrónica
  - b) A Axenda electrónica
  - c) A Axenda dixital
  - d) Calendario dixital para as administracións públicas
- 40) No ámbito Open Data a que alude a sigla SKOS?
- a) Sistema Sinxelo de Organización do Coñecemento
  - b) Sistema de Coñecemento Operativo Estandarizado
  - c) Situación de Coñecemento Organizativo Seguro
  - d) Sistema Seguro de Organización do Coñecemento
- 41) A participación no Portal Europeo de Arquivos (APEX) está aberta a todos os arquivos europeos que poidan achegar descrições dos seus fondos estruturados de acordo coas normas ou que poidan ser convertidas en:
- a) Dublin Core e METS
  - b) Dublin Core, METS, EAD e EAC-CPF
  - c) ESE, Dublin Core, METS, EAD e EAC-CPF
  - d) EAD, EAC-CPF, EAG e METS



- 42) A cooperación do Portal Europeo de Arquivos en Europeana depende da conversión dos rexistros descritivos ao formato:
- EDM
  - METS
  - EAD
  - EAC-CPF
- 43) Segundo a Lei do Patrimonio Histórico Español, calquera documento de todo centro docente privado forma parte do patrimonio documental español:
- Se ten máis de 50 anos de antigüidade
  - Se ten máis de 30 anos de antigüidade
  - Se ten máis de 25 anos de antigüidade
  - Se ten máis de 40 anos de antigüidade
- 44) Segundo o artigo 17 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, cal é unha función dos arquivos públicos de carácter histórico?
- Promover a incorporación, por calquera medio legal, de fondos documentais privados que posúan interese cultural
  - Elaborar políticas relativas á administración dos arquivos
  - Emitir informes sobre a incorporación de arquivos ao Sistema de Arquivos de Galicia
  - Propoñer actuacións para mellorar os procesos de conservación dixital
- 45) Segundo o Real decreto 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos, a elaboración de criterios uniformes para o desenvolvemento dos servizos arquivísticos correspóndelle a:
- A Comisión Superior Cualificadora de Documentos Administrativos
  - Ao Arquivo Histórico Nacional
  - Ao Arquivo Xeral da Administración
  - Ao Consello de Cooperación Arquivística
- 46) A Comisión de Arquivos da Administración Xeral do Estado Español, segundo o R. D. 1708/2011, do 18 de novembro, polo que se establece o Sistema Español de Arquivos, está adscrita:
- Ao Ministerio de Economía
  - Ao Ministerio de Facenda
  - Ao Ministerio de Cultura
  - Ao Ministerio de Presidencia
- 47) A creación do Arquivo do Reino de Galicia está na:
- Real Cédula de Carlos V de 1529
  - Real Cédula de Carlos III de 1775
  - Real Provisión de Carlos III de 1775
  - Real Provisión de Carlos V de 1529
- 48) Segundo o artigo 2 do Decreto 207/2010, do 10 de decembro, da Xunta de Galicia, polo que se crea, é función do Arquivo de Galicia:
- Coordinar os programas de reprodución con fins de conservación de fondos do patrimonio documental de Galicia.
  - Aplicar a todos os documentos de Galicia a normativa de avaliación para a súa conservación.
  - A declaración de bens de patrimonio documental de Galicia.
  - Informar os plans relacionados coa política arquivística que pretenda aprobar a Xunta de Galicia.

- 49) Cal é a Orde ministerial do Ministerio de Educación e Ciencia, pola que se denomina o arquivo da Universidade de Santiago de Compostela como Arquivo Histórico Universitario?
- O. M. do 7 de novembro de 1968
  - O. M. do 30 de novembro de 1968
  - O. M. do 8 de novembro de 1968
  - O. M. do 17 de novembro de 1968
- 50) Segundo as *Recomendaciones de la Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas (CAU)*, de existir ventás nos depósitos do arquivo universitario, a súa superficie non será maior do:
- 20%
  - 5%
  - 10%
  - 15%
- 51) Segundo as *Recomendaciones de la Conferencia de Archiveros de las Universidades Españolas (CAU)*, dentro do patrimonio documental da USC atópanse os seguintes documentos:
- Os traballos persoais do persoal investigador da universidade
  - Os producidos ou creados polos órganos de goberno universitarios
  - Os manuscritos do persoal docente da universidade
  - Os orixinais de artigos do persoal investigador da universidade
- 52) Para o estudo da Chancelería da Coroa de Castela existe unha biblioteca que conserva unha colección de privilexios rodados de Juan II. Como se chama esa biblioteca?
- Biblioteca do Colegio de Santa Cruz (Valladolid)
  - Biblioteca Nacional de España (Madrid)
  - Biblioteca Francisco Zabálburu (Madrid)
  - Biblioteca Municipal de Valladolid
- 53) Cal dos seguintes autores escribiu a guía máis representativa e esencial para coñecer o Archivo Real y General de Navarra?
- Máximo Alcocer y Martínez
  - Rogelio Blanco Martínez
  - M<sup>a</sup> Isabel Simó Rodríguez
  - Juan José Martínez Ruíz
- 54) Os fondos da Real Audiencia de Aragón custódiense:
- No Archivo de la Corona de Aragón
  - No Archivo Real y General de Navarra
  - No Archivo de la Audiencia Territorial de Zaragoza
  - No Archivo de la Diputación de Aragón
- 55) Ademais de no Arquivo do Reino de Galicia, onde existe documentación da Real Audiencia de Galicia?
- No Arquivo Municipal da Coruña
  - No Arquivo de Galicia
  - No Archivo Histórico Nacional
  - No Centro de Documentación e Arquivo da Universidade da Coruña

- 56) A obra fundamental de Ramón Carande céntrase no estudo das relacións financeiras de:
- Felipe V
  - Felipe II
  - Carlos V
  - Carlos II
- 57) Os libros reais que forman parte do conxunto documental coñecido como Catastro de Ensenada custódiáanse:
- Nos arquivos históricos provinciais
  - No Archivo General de Simancas
  - No Archivo Histórico Nacional
  - No Archivo Municipal de Valladolid
- 58) A sección de Padroado Real, que contén provisións e mercedes relativas a *adelantamientos* e organización dos oficios de *corregimientos* na Coroa de Castela, custódiase no:
- Archivo General de Simancas
  - Archivo de la Diputación Provincial de Burgos
  - Archivo de la Real Chancillería de Valladolid
  - Archivo Histórico Nacional
- 59) Para o estudo do Consello de Portugal, a que arquivo debemos acudir?
- Ao Archivo Histórico Nacional
  - Ao Archivo General de Simancas
  - Ao Archivo de la Real Chancillería de Valladolid
  - Ao Archivo General de la Administración
- 60) Para estudar as comisións provinciais e centrais de monumentos histórico-artísticos do século XIX, deberemos acudir ao:
- Archivo del Ministerio de Cultura
  - Archivo de la Real Academia de Bellas Artes de San Fernando
  - Archivo Histórico Nacional
  - Archivo General de la Administración
- 61) O Ministerio do Interior foi un organismo fundamental no desenvolvemento das administracións públicas dende o século XIX, en que arquivo se conservan a maior parte das series que produciu durante ese século?
- No Archivo Histórico Nacional
  - No Archivo General de Simancas
  - No Archivo General de la Administración
  - No Archivo del Ministerio del Interior
- 62) Sinale de quen é a autoría da *Historia da educación e da cultura en Galicia*:
- Avelino Pousa Antelo
  - Antía Cal Vázquez
  - Antón Costa Rico
  - Xesús Alonso Montero

- 63) Cal é o primeiro traballo do Grupo de Traballo de Identificación e Valoración de Series Administrativas de Arquivos de Universidades?
- Tipoloxía documental de universidades: propostas de identificación e valoración
  - Cadro de clasificación de fondos de universidades
  - Táboas de Identificación e Valoración de Series Administrativas das Universidades
  - Manual de arquivos de oficina nas universidades
- 64) Que denominación se lle dá aos libros que recollen os graos de bacharel outorgados anualmente en Cánones, Leis, Artes, Teoloxía e Medicina na Universidade de Salamanca, segundo a proposta de Agustín Vivas Moreno e Guadalupe Pérez Ortiz do ano 2011?
- Libros de actas de bacharelatos
  - Actas anuais de bachareis
  - Rexistro de bacharelatos
  - Libros de grado de bacharel
- 65) En que arquivos se conservan de forma maioritaria os documentos da *Secretaría del Despacho de Guerra* (1714-1851):
- Archivo Histórico Nacional
  - Archivo General de Simancas
  - Archivo General de Indias
  - Archivo General Militar de Guadalajara
- 66) A que arquivo debemos acudir para estudar o fondo documental da *Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa del Reino de Galicia* (1810-1813)?
- Archivo Histórico Nacional
  - Archivo General Militar de Segovia
  - Archivo General de Simancas
  - Arquivo do Reino de Galicia
- 67) Por imperativo do Dereito Canónico, dende que ano as parroquias remiten ao arquivo da curia episcopal os duplicados das partidas de defunción?
- 1563
  - 1714
  - 1851
  - 1918
- 68) En que momento se sitúa o punto de partida dos arquivos parroquiais?
- Na novena sesión do Concilio de Letrán V (1512-1517)
  - Na sesión XXIV do Concilio de Trento (1545-1563)
  - Na cuarta sesión do Concilio Vaticano I (1869-1870)
  - Na terceira sesión do Concilio Vaticano II (1962-1965)
- 69) A quen corresponde a dirección da *Guía de los archivos de la Iglesia en España*, publicada no ano 2001 para a Asociación de Archiveros de la Iglesia en España coa colaboración do Ministerio de Cultura e Deporte?
- Pedro Rubio Merino
  - Manuel Romero Tallafigo
  - Natividad de Diego
  - José María Martí Bonet

- 70) Para estudar a historia da Casa de Alba deberemos acudir en primeiro lugar a
- a) Archivo del Palacio de Liria (Madrid)
  - b) Archivo del Palacio de Medina Sidonia (Sevilla)
  - c) A Sección *Nobleza* do Archivo Histórico Nacional (Toledo)
  - d) Arquivo do Pazo de Oca (A Estrada, Pontevedra)
- 71) Que instrumento xurídico e documental foi relevante como medio para reconstruír os dominios nobiliarios e redefinir as condicións de explotación da relación foral en Galicia dende finais do século XVI?
- a) O rateo de rendas
  - b) O contrato de foro
  - c) O apeo
  - d) O contrato de subforo
- 72) Que arquivo custodia o fondo documental do Marquesado de San Martín de Hombreiro?
- a) Arquivo Histórico Provincial de Ourense
  - b) Arquivo do Reino de Galicia
  - c) Arquivo Histórico Provincial de Lugo
  - d) Sección *Nobleza* do Archivo Histórico Nacional
- 73) En que sección do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra se conservan listas de pasaxeiros embarcados no porto de Vigo entre 1947 e 1980?
- a) No da Comisaría de Policía de Vigo.
  - b) No da Autoridade Portuaria de Vigo
  - c) No do Consulado de Vigo
  - d) No da Confraría de Mareantes de Vigo
- 74) Que nome posúe o portal do Ministerio de Cultura desenvolvido co obxectivo de fomentar e facilitar o acceso aos fondos documentais relativos á emigración española a Iberoamérica na época contemporánea?
- a) Emigración Española a Iberoamérica
  - b) Emigración Española Contemporánea a Iberoamérica
  - c) Movementsos Migratorios Iberoamericanos
  - d) Facer as Américas
- 75) Que documentos permiten coñecer a estrutura da propiedade durante o Antigo Réxime?
- a) Os catastros fiscais
  - b) As actas dos concellos
  - c) Os padróns de veciños
  - d) Os repartimentos de alcabalas
- 76) Os “expedientes de veciños” permiten coñecer a conflictividade agraria durante o Antigo Réxime e constitúen unha agrupación documental do Arquivo:
- a) da Chancillería de Valladolid
  - b) General de Simancas
  - c) Do Reino de Galicia
  - d) Histórico Provincial de Pontevedra

- 77) Para coñecer aspectos da conxuntura agraria, que tipo documental entre os mencionados resulta máis apropiado?
- Os catastros fiscais
  - As reais provisións
  - As executorias de fidalguía
  - As escrituras de compravenda
- 78) Segundo a *Guía dos Arquivos da Xunta de Galicia*, que arquivo se considera o que máis documentación custodia sobre fondos privados?
- O Arquivo de Galicia
  - O Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
  - O Arquivo Histórico Provincial de Ourense
  - O Arquivo Histórico Provincial de Lugo
- 79) Para o estudo do fondo documental Igrexas Brage, a que arquivo debemos acudir?
- Ao Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
  - Ao Arquivo do Reino de Galicia
  - Ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense
  - Ao Arquivo de Galicia
- 80) Que profesional dos arquivos escribiu un manual sobre os arquivos familiares que é de referencia no estudo destes fondos?
- Vicenta Cortés Alonso
  - Olga Gallego Domínguez
  - Luis Sánchez Belda
  - Pedro López Gómez
- 81) Quen é o autor da obra titulada *Partidos y programas políticos, 1808-1936*?
- Miguel Artola
  - Josep Fontana
  - Santos Juliá
  - Javier Tusell
- 82) En que cidade europea se conserva documentación do Comité Nacional da CNT?
- París
  - Londres
  - Bruxelas
  - Ámsterdam
- 83) Os oficios da Chancelería Catalano-aragonesa foron regulamentados por:
- As Ordenacións de Pedro IV de 1344
  - As Ordenacións de Carlos II de 1365
  - Os Códigos das Ordenacións de Pedro III de 1289
  - O Privilexio Xeral de Alfonso III de 1283

- 84) Na Chancelería de Navarra, entre os notarios extra chancelerescos, están os da *Cambra de Compts*, que se dedicaban ao servizo de:
- Facenda
  - Xustiza
  - Selos do rei
  - Relacións entre reinos
- 85) Os rexistros máis antigos de documentos producidos por unha chancelería na Península Ibérica corresponden á:
- Coroa de Castela
  - Coroa de León
  - Coroa de Aragón
  - Coroa de Navarra
- 86) Que tributos se implantaron no século XVI para complementar os ingresos que achegaban as alcabalas á Coroa de Castela?
- As tercias reais
  - Os servizos
  - A media annata
  - As salinas
- 87) A que contaduría afectou máis nun principio a creación do *Consejo de Hacienda* no século XVI?
- Á *Contaduría Mayor de Cuentas*
  - Á *Contaduría Mayor de Hacienda*
  - Á *Contaduría de Mercedes*
  - Á *Contaduría de la Razón*
- 88) Durante o reinado de que monarca se unificou o dereito castelán a través do Foro Real?
- Alfonso VIII
  - Alfonso X
  - Alfonso XI
  - Fernando III
- 89) De que ano son as Ordenanzas que marcan o inicio da Audiencia de Galicia?
- 1484
  - 1494
  - 1504
  - 1514
- 90) Que outro nome recibiu no s. XVI o chamado *juez ordinario y de apelaciones de Santiago*?
- Alcalde ordinario da cidade
  - Juez de la Quintana
  - Xuíz do Cabido
  - Alcalde de apelacións de Santiago
- 91) En que data recibe Raimundo de Borgoña o condado de Galicia?
- 1079
  - 1085
  - 1090
  - 1098

- 92) Que figura delegada do poder real se implantou en Galicia coa subida ao trono dos Reis Católicos?
- Meiriño Maior de Galicia.
  - Deputado do Común de Galicia.
  - Gobernador de Galicia.
  - Adiantado de Galicia.
- 93) Dende un punto de vista cronolóxico, cal é a orde correcta na enumeración de disposicións xurídicas que afectan aos concellos na Coroa de Castela durante a Idade Media e o Antigo Réxime?
- Fuero Juzgo, Foros, Partidas, Nueva Recopilación*
  - Foros, *Fuero Juzgo, Nueva Recopilación, Partidas*
  - Partidas, *Nueva Recopilación, Foros, Fuero Juzgo*
  - Nueva Recopilación, Foros, Fuero Juzgo, Partidas*
- 94) Cal destas cidades galegas era de señorío na Idade Media e logo pasou a ser de reguengo no Antigo Réxime
- Mondoñedo
  - Santiago
  - A Coruña
  - Ourense
- 95) Na reforma que Carlos III realiza da administración municipal, establécense dous novos cargos para representar aos veciños:
- O correxedor e os rexedores
  - O correxedor e os alcaldes maiores
  - O síndico personero y los diputados del común*
  - O síndico personero y los alcaldes de barrio*
- 96) A que autor se debe a monografía máis relevante sobre a Xunta do Reino de Galicia ata a década dos anos de 1970?
- A Murguía
  - A Fernández Villaamil
  - A Pérez Constanti
  - A Portela Pazos
- 97) Cal destas persoas é autor do libro *A Xunta do Reino de Galicia no final do Antigo Réxime (1775-1834)*?
- Laura Fernández Vega
  - Xosé Ramón Barreiro Fernández
  - Manuel María de Artaza
  - Pegerto Saavedra
- 98) En cal destes arquivos se conservan as fontes máis completas para o estudo da Xunta do Reino de Galicia?
- Arquivo Municipal da Coruña
  - Arquivo Histórico Provincial de Ourense
  - Arquivo Municipal de Tui
  - Arquivo Municipal de Baiona



- 99) Dos seguintes arquivos, cal conserva documentación relevante para o estudo da organización da igrexa en Galicia e que non se levou ao Arquivo Histórico Nacional?
- a) Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
  - b) Arquivo Histórico Provincial de Ourense
  - c) Arquivo Histórico Provincial de Lugo
  - d) Arquivo de Galicia
- 100) Cal dos seguintes lugares é un arciprestado?
- a) Viana do Bolo
  - b) A Guarda-Tebra
  - c) Vilagarcía de Arousa
  - d) Fene
- 101) Cal dos seguintes mosteiros de Galicia, na súa orixe da orde de Cluny, é feminino?
- a) Santa María de Ferreira de Pantón (Lugo)
  - b) Santa María de Oseira, de Cea (Ourense)
  - c) Santa María de Monfero (A Coruña)
  - d) Santa María de Aciveiro, de Forcarei (Pontevedra)
- 102) No relixioso, as ordes militares organizábanse por conventos ou priorados. Cal foi a sede do convento maior da Orde de Santiago?
- a) Vallada
  - b) Uclés
  - c) Clavijo
  - d) Leire
- 103) Cal das seguintes localidades era unha encomenda da Orde do Temple en Galicia?
- a) Beade
  - b) Allariz
  - c) San Fiz do Ermo (Cambre)
  - d) San Paio de Betanzos
- 104) Con respecto ás ordes militares, que documento é fonte primordial de información demográfica?
- a) Libro de visitas
  - b) Padrón de Alcabalas
  - c) Libros de vecindade
  - d) Censo fiscal
- 105) De que ano é a primeira Lei Xeral de Beneficencia española?
- a) 1849
  - b) 1834
  - c) 1812
  - d) 1822
- 106) En que norma se establece que *estará a cargo de los ayuntamientos cuidar de los hospitales, hospicios, casas de expósitos y demás establecimientos de beneficencia?*
- a) No Estatuto de Bayona de 1808
  - b) Na Constitución de 1812
  - c) No Estatuto Real de 1834
  - d) Na Constitución de 1837

- 107) Quen é o autor do *Memorial por la libertad de la literatura española* (1769)?  
a) Pablo de Olavide y Jáuregui  
b) Gaspar Melchor de Jovellanos  
c) Francisco Pérez Bayer  
d) Pedro Rodríguez de Campomanes
- 108) Que organismo creado en 1787 por impulso de Floridablanca é considerado como o precedente do actual Consello de Ministros?  
a) A *Junta Suprema de Estado*  
b) A *Cámara Suprema de Estado*  
c) A *Junta Suprema del Despacho*  
d) O *Consejo de Estado*
- 109) Que organismo se creou en 1751 para xestionar por parte da facenda a saída de diñeiro de España?  
a) O *Real Giro*.  
b) A Oficina de Divisas.  
c) A Casa da Moeda.  
d) A Administración Xeral de Estafetas.
- 110) A división territorial provincial levouse a cabo de maneira definitiva en 1833. Que documento inspirou de forma indirecta esa división?  
a) Catastro de Ensenada  
b) Censo de 1797  
c) Censo de froitos e manufacturas de 1803  
d) Padrón Calle-Hita de 1708
- 111) Os gobernadores civís foron denominados “subdelegados de Fomento” no período:  
a) 1833-1834  
b) 1834-1836  
c) 1812-1814  
d) 1820-1823
- 112) Cal dos seguintes fondos documentais de Xustiza custodiados no Arquivo do Reino de Galicia corresponde á xurisdición especial?  
a) O fondo da Audiencia do Criminal de Santiago  
b) O fondo do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Nº 1 da Coruña  
c) O fondo da Maxistratura de Traballo da Coruña  
d) O fondo do Xulgado Comarcal de Oleiros
- 113) Na Real Audiencia de Galicia, como se chamaba o documento que iniciaba a fase de execución dun proceso civil ordinario?  
a) Real Provisión Executoria  
b) Xuízo Solemne Executivo  
c) Sentenza Executiva  
d) Real Sentenza da Audiencia

- 114) A reforma fiscal que extinguiu o sistema tributario do Antigo Réxime e, polo tanto, das rendas provinciais foi realizada por:
- a) López Ballesteros en 1824
  - b) Mon-Santillán en 1845
  - c) Mendizábal en 1835
  - d) Fernández Villaverde en 1899
- 115) O principio teórico de someter ás Cortes Xerais a aprobación e o control de todos os ingresos e gastos do Estado foi establecido por:
- a) A Constitución de 1812
  - b) A Constitución de 1837
  - c) A Constitución de 1845
  - d) A Constitución de 1868
- 116) En que data aparecen os oficios de hipotecas nas cabezas de partido e de xurisdición que sinalaran as audiencias e chancelerías?
- a) 1768
  - b) 1829
  - c) 1845
  - d) 1861
- 117) Que norma procede á separación definitiva da fe pública xudicial e extraxudicial en España?
- a) A Instrución formada... por S.M., do que deben observar os escribáns do número... de 1751.
  - b) A Lei Orgánica do notariado do 28 de maio de 1862
  - c) Decreto do 2 xuño de 1944 sobre organización e réxime do notariado
  - d) Regulamento notarial do 8 de agosto de 1935
- 118) Con que norma se creou a institución do rexistro da propiedade?
- a) Coa Real Pragmática do 31 de xaneiro de 1768
  - b) Co Decreto do 31 de decembro de 1829
  - c) Co Real Decreto do 15 de xuño de 1845
  - d) Coa Lei do 8 de febreiro de 1861
- 119) Na actualidade, en que centro se custodia o arquivo histórico do Partido Comunista Español?
- a) Na Biblioteca Marqués de Valdecilla – Universidad Complutense de Madrid
  - b) Na Biblioteca Nacional de España
  - c) No Archivo da Fundación Pablo Iglesias
  - d) Na Fundación Anselmo Lorenzo
- 120) O conxunto de actividades realizadas pola Comunidade Universitaria Española e orientadas á transformación social nos países desfavorecidos chámase:
- a) Cooperación Universitaria de Compromiso Social
  - b) Cooperación Universitaria de Internacionalización
  - c) Cooperación Universitaria de Educación Sen Fronteiras
  - d) Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento

## PREGUNTAS DE RESERVA

- 121) Segundo a norma UNE-ISO 15489-1:2016, os instrumentos de xestión de documentos inclúen os seguintes:
- a) a) esquemas de metadatos, b) inventarios de información administrativa, c) directorios activos, d) calendarios de conservación
  - b) a) cadros de clasificación, b) inventarios de documentos, c) catálogos de documentos, d) índices de documentos
  - c) a) esquema de metadatos para a xestión de documentos, b) cadros de clasificación, c) regras e permisos de acceso, d) calendarios de conservación
  - d) a) repertorio lexislativo, b) relación de tipos documentais, c) cadros de clasificación, d) modelos de requisitos para a xestión de documentos
- 122) Segundo o Regulamento do Arquivo Universitario de Santiago de Compostela, a saída de documentos históricos que non sexan da súa propiedade non poderá realizarse mentres:
- a) Non estean cubertos os riscos por unha póliza de seguros
  - b) Non estea autorizada pola dirección do Arquivo
  - c) Exista a autorización expresa dos seus titulares
  - d) Non haxa unha Orde Ministerial que a autorice
- 123) Segundo o artigo 19.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na tramitación da solicitude de acceso á información, se a información solicitada puidese afectar a dereitos ou intereses de terceiros, debidamente identificados, que prazo se lles concederá a estes últimos para que poidan realizar as alegacións oportunas?
- a) 10 días
  - b) 20 días
  - c) 30 días
  - d) 15 días
- 124) Segundo a normativa, onde deben custodiarse os libros de contadorías de hipotecas?
- a) Nos arquivos históricos provinciais
  - b) Nos arquivos municipais
  - c) No Archivo General de la Administración
  - d) Nos arquivos das deputacións
- 125) Segundo a Lei do Sistema Universitario de Galicia (SUG), este estará integrado:
- a) Polas universidades públicas galegas exclusivamente
  - b) Polas universidades públicas galegas e os organismos públicos de investigación de Galicia
  - c) Pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aquelas outras que sexan creadas ou recoñecidas por lei do Parlamento de Galicia
  - d) Pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de Vigo e, se for o caso, por aquelas outras creadas ou recoñecidas polo Consello de Universidades